



**DECRETO 60/2017**

**Asunto: Convocatoria da mesa de contratación do expediente de adxudicación da concesión de dominio público de postos/bancadas/bar no mercado municipal de abastos de Salceda de Caselas, CALIFICACIÓN DE PROPOSICIÓN (ADMITIDAS E INADMITIDAS) E APERTURA SOBRE "B"**

Con data 6 de febreiro de 2017 acordouse pola mesa de contratación solicitar a aqueles licitadores aos que a declaración responsable non quedaba clara ou estaba incompleta, para que a aclarasen e/ou a completasen, concédendolles un prazo de cinco días naturais, e unha vez transcorrido o dito prazo, de conformidade co indicado na cláusula núm.2.6ª dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente para a concesión de dominio público de 14 postos de venta, 24 bancadas e un bar-cafetería no mercado municipal de abastos, aprobados por acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de agosto de 2016, e

visto asemade o establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Convocar a Mesa de contratación para o vindeiro día 22 de febreiro de 2017, as 13:00 horas para proceder a calificación de proposicións (admitidas e inadmitidas) e apertura sobre "B"

**SEGUNDO.** Que se notifique o presente Decreto aos membros que forman parte da Mesa de Contratación para que asistan no día, hora e lugar indicados.

Salceda de Caselas, 20 de febreiro de 2017  
O ALCALDE

Marcos D. Besada Pérez



Noemi Sirera Diéguez

